



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

IV CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2021

As bases polas que se rexerá o Concurso de postais de Nadal con mensaxe son:

Primeira

Poderán participar todas as persoas interesadas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.

Segunda

Establécense dúas categorías:

- De 3 a 7 anos
- De 8 a 12 anos

Terceira

A participación deberá ser individual, de maneira que non se aceptarán postais de grupo ou colectivas. Valoraranse a presentación, o esforzo e a orixinalidade da postal, así como a lingua e o contido da mensaxe.

Cuarta

As postais terán seguintes dimensións: entre 21x15, e máximo A4 (folio), presentadas en cartolina. Poden entregarse na técnica que cada un considere oportuna, pero deberán incluír unha mensaxe de felicitación de Nadal en lingua galega.

Quinta

Aceptaranse como máximo dúas postais por participante. No caso de non presentarse un mínimo de tres postais por cada categoría o xurado pode declarar esa categoría deserta.

Sexta

As persoas concursantes presentarán as súas postais, xunto con un formulario de entrega, do 18 ao 30 de novembro, nas Oficinas Municipais do Concello de Irixoa de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, ou por correo ordinario dirixido a Concello de Irixoa, Pazo de Irixoa, 6A, 15313 Irixoa.

Na parte posterior figurará o título da obra e os datos do autor. Debe indicarse datos persoais: nome e apelidos, idade.



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

Sétima

Entre todos os participantes, elixirase un primeiro premio por cada categoría

O/a gañador/a de cada unha das categorías, recibirá un diploma acreditativo e un agasallo:

1ª categoría: diploma e vale regalo de 70 €.

2ª categoría: diploma e vale regalo de 70 €.

O día 3 de decembro o xurado dará a coñecer o/a gañador/a de cada categoría.

Oitava

Avisarase aos gañadores ou gañadoras do día de entrega dos premios, debendo acudir á recollida o/a neno/a gañador/a xunto con un proxenitor.

Novena

Coa aceptación do premio, o/a gañador/a consinte na cesión dos dereitos sobre a obra presentada a concurso ao Concello de Irixoa. As dúas postais gañadoras serán as que usarán para realizar a postal de Felicitación de Nadal que cada ano entrega o concello á veciñanza.

Décima

Os datos persoais serán tratados de conformidade coas bases do concurso, non cedendose ou comunicándose os mesmos a terceiros. As persoas participantes dan o seu consentimento para que o Concello de Irixoa poida usar as postais presentadas para a súa publicación ou uso con fin publicitarios.

Undécima

O xurado estará composto por:

Presidente: Antonio Deibe Sanmartín, alcalde de Irixoa.

Secretaria: Maria Elisa Alonso Figueroa, animadora sociocultural do Concello de Irixoa.

Vogal: María José Gutiérrez, traballadora social do Concello de Irixoa.

Vogal: Juan Manuel Freire Golpe, concelleiro de Cultura e Educación.

Duodécima

A participación no concurso implica a aceptación destas bases. O decisión do xurado será inapelable.